


NOTA INFORMATIVA

ANPA SAN XOÁN _ CEIP ISIDORA RIESTRA



Boas familias,

Antes de nada, agradecervos a toda-las persoas que nos estades apoiando neste comezo, agardamos seguir avanzando e no próximo curso poder facer cousas xuntos.

Comentamos unha serie de puntos de interese para que teñades en conta:

- **COMEDOR ESCOLAR**

Catering Arelas será a empresa encargada da xestión do comedor no próximo curso 23-24, achegamos a información e o documento de inscrición, recordando a importancia de que os interesados fagades a reserva de praza do 1 de Xullo ó 31 de Agosto.

Ademais dos precios indicados no documento, recordamos-vos que como socios da anpa contaredes cunha bonificación según o convenio de axuda que se firme co Concello de Poio, así coma das posibles subvencións da Xunta de Galicia ou outras entidades que nos sexan concedidas para tal fin.

- **ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES**

Norgof será a empresa encargada da realización das actividades extra-escolares, sempre que se chegue ó mínimo de inscritos estipulado.

Anexamos documento informativo para inscrición e reserva de praza, en Setembro confirmaremos as actividades que conseguen o mínimo para levarse a cabo.

- **PROPOSTAS**

Co fin de elaborar unha programación de cara ó vindeiro curso e presentárvola en Setembro gustaríanos pedirvos que por favor nos comuniquedes calquera idea ou actividade que vos gustaría que fose levada a cabo, para poder valorala e ver a viabilidade da mesma, por favor enviar propostas a: anpasanxoan@nontedurmas.org

Non dubidedes en contactarnos para calquera consulta ou aclaración, se está na nosa man estaremos encantados de resolvela ou axudarvos.

Un saúdo,

Directiva Anpa San Xoán, CEIP Plurilingüe Isidora Riestra.
anpasanxoan@nontedurmas.org

En Poio, a 14 de Xuño de 2023.